



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 291
27 de novembro de 2025



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Designación da Ponencia que deberá emitir informe sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 [138536](#)

■ Designación da Ponencia que deberá emitir informe sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas [138536](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, o 21 de novembro de 2025 [138537](#)

■ Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación coa Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39114). [138558](#)

— G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39139). [138561](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISION 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación con modificacións

■ 34513 (12/PNC-003010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e dous deputados/as máis [138545](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

■ 32570 (12/PNC-002833)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia



Sobre a creación dun programa de terapia con animais para vítimas de violencia de xénero que fomenta a adopción e unha nova vida para elas e os animais [138545](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 26227 (12/PNC-002439)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que cree en Ourense, con carácter urgente, un grupo operativo completo da Unidade de Prevención e Reacción da Policía Nacional [138546](#)

I 26247 (12/PNC-002443)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que incremente as prazas de secretarios, tesoureiros e interventores para os concellos galegos [138546](#)

Rexeitamento das iniciativas

I 37364 (12/PNC-003240)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Castro Rey, Paloma

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa controversia protagonizada polo Concello de Ferrol a raíz da placa de homenaxe a Pablo Iglesias Posse e coa obstaculización de actos vinculados á memoria histórica [138547](#)

I 38291 (12/PNC-003332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia no que atinxe á creación dun corpo galego de policía e ás condicións e recursos cos que conta a Unidade de Policía Adscrita (UPA) [138547](#)

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA E COMERCIO

Aprobación sen modificacións

I 38149 (12/PNC-003317)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e dez deputados/as máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para conseguir a coordinación necesaria co Concello de Vigo co fin de mellorar as condicións e a proxección do Camiño de Santiago nese concello [138547](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 8468 (12/PNC-000877)



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación con distintas cuestións relativas ao complemento autonómico do bono social térmico [138548](#)

I 34857 (12/PNC-003050)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da posta en marcha da Praza de abastos num.1, de Ourense, e das actuacións para o acondicionamento exterior e outros proxectos vinculados a ela [138548](#)

I 35371 (12/PNC-003079)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas co obxectivo de estimular a participación nas subvencións para o impulso da dixitalización e modernización do comercio local e artesanal [138548](#)

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación con modificacións**I 37119 (12/PNC-003232)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e oito deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central verbo da regulación da pesca marítima de recreo en augas exteriores [138549](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións**I 33273 (12/PNC-002884)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa recuperación biolóxica e produtiva das rías galegas [138550](#)

I 36051 (12/PNC-003135)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe implementar para garantir a continuidade da actividade marisqueira e a mellora das condicións laborais neste sector [138550](#)

I 37852 (12/PNC-003288)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e oito deputados/as máis**

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central e á UE para a defensa dos intereses da frota galega de pesca, singularmente a de cerco e de arrastre litoral



[138551](#)**I 38241 (12/PNC-003329)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante a previsible redución por parte da Comisión Europea dos TAC e das cotas pesqueiras para 2026 e a súa afección á frota galega

[138552](#)**2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento****2.4. Organización e funcionamento do Parlamento****2.4.3. Convocatorias****I Sesión plenaria (día 2 de decembro de 2025, ás 10.00h)**[138553](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Designación da Ponencia que deberá emitir informe sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 24 de novembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Designación da Ponencia

- 37243 (12/PL-000010)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026

BOPG nº 271f2, do 20.10.2025

— G. P. Popular de Galicia: Cristina Sanz Arias (titular) e José Alberto Pazos Couñago (suplente)

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego: Noa Olalla Presas Bergantiños (titular) e Olalla Rodil Fernández (suplente)

— G. P. dos Socialistas de Galicia: María Elena Espinosa Mangana (titular) e Patricia Iglesias Rey (suplente)

— G. P. Mixto: Armando Ojea Bouzo (titular)

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Designación da Ponencia que deberá emitir informe sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 24 de novembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Designación da Ponencia

- 37244 (12/PL-000011)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

BOPG nº 271f3, do 20.10.2025



— G. P. Popular de Galicia: Julio García Comesaña (titular) e José Alberto Pazos Couñago (suplente)

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego: Olalla Rodil Fernández (titular) e Noa Olalla Presas Bergantiños (suplente)

— G. P. dos Socialistas de Galicia: Patricia Iglesias Rey (titular) e María Elena Espinosa Mangana (suplente)

— G. P. Mixto: Armando Ojea Bouzo (titular)

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, o 21 de novembro de 2025

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 21 de novembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 27520 (12/PPL-000009)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

BOPG nº 213, do 20.06.2025

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, o 21 de novembro de 2025.

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 21 de novembro de 2025, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do deporte de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte D I T A M E:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deporte e as competicións deportivas fomentan os valores deportivos e mais a socialización e o intercambio de experiencias, ademais de estaren directamente relacionados co benestar e co de-



senvolvemento social e individual. Na práctica deportiva e na organización de competicións, a seguridade e a protección de deportistas, axentes deportivos e persoas espectadoras debe ser unha prioridade para todas as persoas, velando así por un deporte libre de violencia en calquera das súas formas, xa sexa física ou verbal.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, dedica o seu título IX á «Actuación pública na prevención e represión da violencia e das condutas contrarias á boa orde deportiva». Deste modo, crea a Comisión Galega de Control da Violencia, como o órgano colexiado de participación dos distintos sectores con intereses no ámbito da prevención e represión da violencia, da análise das súas causas e do exercicio da potestade sancionadora na materia. A Comisión actúa de conformidade cos parámetros establecidos na Lei, así como no Decreto 63/2018, do 31 de maio, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia.

Logo dos anos transcorridos desde a entrada en vigor da Lei 3/2012, do 2 de abril, enténdese oportuno, polo que supón de transcendente para toda a sociedade, establecer a posibilidade da acción popular para o ámbito deportivo prevista no artigo 125 da Constitución española de 1978. A reforma proposta posibilitaría a comparecencia da Administración autonómica como acusación popular nos procedementos por delitos e actos de violencia perpetrados no ámbito deportivo que se sigan no territorio da comunidade autónoma, co fin lexítimo e co interese social de actuar contra esta praga do deporte e do conxunto das nosas sociedades que son os comportamentos violentos. Trataríase, en definitiva, de garantir aínda mais a protección da legalidade e do interese social, así como o propio sistema deportivo galego, considerado como un patrimonio social colectivo pertencente a toda a sociedade de Galicia.

A loita contra a praga que é a violencia no deporte é unha tarefa común de todos os axentes deportivos e sociais: das persoas deportistas e afeccionadas, de todos os axentes deportivos, dos medios de comunicación e, por suposto, das administracións públicas. Todos temos que ser contundentes desde as nosas respectivas competencias e responsabilidades e non fraquearmos no obxectivo común que perseguimos, que é un deporte libre de calquera forma de violencia. O deporte é respecto e tolerancia, é inclusión e participación cívica; cada un dos actos violentos que se producen (non importa cal for o seu alcance e a súa forma) contravén estes valores e a propia esencia deportiva.

Vencellada a esta modificación, e vista a práctica dos anos precedentes, enténdense necesarias dúas modificacións máis. A primeira, co gallo de acadarmos unha maior seguridade xurídica para as persoas interesadas, vai referida a clarificar o réxime de prescrición das infraccións e sancións, para o cal se propón unha remisión ao réxime xeral establecido no artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En segundo termo, e vistas a práctica precedente e mais outras previsións legais de natureza análoga, considérase axeitado establecer expresamente a práctica que se deberá seguir na concorrencia de procedementos penais e administrativos nun caso de actuación pública na represión da violencia e das condutas contrarias á boa orde deportiva.

Pola súa banda, e como se pon de manifesto no ámbito comparado, incluído o da propia Unión Europea, o bo goberno no deporte é un requisito esencial das organizacións e federacións deportivas. Neste sentido, débense respectar os principios de democracia interna, transparencia,



integridade, solidariedade, igualdade de xénero, apertura, rendición de contas e responsabilidade social.

É esencial que as federacións deportivas eleven o nivel de esixencia das súas normas de bo goberno, a través de principios que garantan a xestión irreprochable dos seus recursos financeiros, os controis para previr os conflitos de intereses ou, entre outros, a duración limitada dos cargos electos federativos, co obxecto de garantir a renovación destas entidades de natureza privada que exercen funcións públicas delegadas. Estas normas ou códigos de bo goberno deben, ademais, condicionar o financiamento público do deporte, no sentido de concorrencia de normas mínimas de gobernanza, seguimento e información establecidas e de acceso público. Esta lei establece, xa que logo, a obrigatoriedade de as federacións deportivas de Galicia contaren cun código de bo goberno, co obxectivo final de garantir a integridade no deporte.

Este texto estrutúrase nun único artigo con sete apartados, dúas disposicións adicionais e unha disposición derradeira.

No apartado un engádese un novo artigo 55 *bis*, referido ao código de bo goberno e ao deber de transparencia das federacións deportivas de Galicia.

No apartado dous modifícase o artigo 58.5 para incorporar os prazos de elaboración dos censos electorais, inicial e provisional, reducindo os prazos previstos no Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

No apartado tres introdúcese un engadido na letra c) do artigo 93.1 para que o Comité Galego de Xustiza Deportiva tramite e resolva, a través do procedemento en materia electoral federativa, os actos ou as omisións que se produzan na convocatoria das eleccións federativas, no regulamento electoral aprobado pola asemblea xeral federativa, e os recursos que se presenten contra as resolucións das xuntas electorais das federacións deportivas, modificando así o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

O apartado catro modifica o artigo 125, relativo ao réxime de recursos, e o apartado cinco incorpora un novo artigo 128 *bis*, referido ao exercicio da acción popular.

Os apartados seis e sete —respectivamente, os novos artigos 165 e 166 da Lei do deporte— regulan, o primeiro deles, as cuestións da prescrición das infraccións e sancións e o segundo, a suspensión de procedementos administrativos ou disciplinarios nos supostos de concorrencia de procedemento penal.

Pola súa parte, a disposición adicional primeira establece un prazo de seis meses para as federacións aprobaren os seus respectivos códigos de bo goberno.

Alén diso, introdúcese unha disposición adicional segunda co fin de adecuar todo o texto da lei á linguaxe non sexista.



Por último, a disposición derradeira da norma establece que a entrada en vigor da lei se producirá o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo único. Modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un novo artigo, o 55 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 55 *bis*. *Código de bo goberno*

1. Mediante un acordo da súa asemblea xeral, as federacións deportivas galegas aprobarán un código de bo goberno no que se establezan as prácticas de boa gobernanza e integridade da federación, as regras en materia de transparencia, o código de conduta para os seus órganos de goberno, a xunta directiva e a comisión delegada e mais os seus membros, alén das normas relativas á xestión e o control de todas as transaccións económicas que efectúe a federación.

2. Sen prexuízo doutras regras que puideren establecerse, o código terá por contido mínimo as seguintes obrigas:

a) Manter o segredo dos datos e as informacións que se obteñan mediante o desempeño dun cargo na federación, de xeito que non se poidan utilizar eses datos ou informacións en beneficio propio ou de terceiros.

b) Non facer un uso indebido do patrimonio federativo, nin se valer da propia posición para obter vantaxes patrimoniais.

c) Instituír un sistema de autorización de operacións onde se estableza a persoa ou persoas que deben autorizar coas súas sinaturas cada unha das operacións que, en función da súa contía, realice a federación, regulando un sistema de segregación de funcións no que ningunha persoa poida intervir en todas as fases dunha mesma transacción económica.

d) A presidenta ou presidente, a vicepresidenta ou vicepresidente e mais os membros da xunta directiva, da comisión delegada ou da asemblea xeral, así como calquera outro persoal directivo federativo deberán subministrar información relativa á existencia de relacións de carácter contractual, comercial ou familiar con provedores ou entidades que tiveren vínculos comerciais ou profesionais coa federación de que forman parte.

e) A incompatibilidade do cargo de presidenta ou presidente, de vicepresidenta ou vicepresidente e de membro da xunta directiva, da comisión delegada ou da asemblea xeral, así como de calquera outro cargo directivo federativo co exercicio de funcións retribuídas de asesoramento profesional con esa federación ou coa prestación de servizos profesionais diferentes dos que implique o cargo e baixo relación laboral, civil ou mercantil.

f) O deber expreso de incluír o principio de igualdade e non-discriminación por razón de xénero.



g) O sometemento, na contratación de obras, servizos e subministracións, aos principios de publicidade, concorrência e transparencia dos procedementos, de non-discriminación e igualdade de trato das candidaturas e de libre competencia.

h) O establecemento dos criterios obxectivos de distribución de axudas ou bolsas por parte da federación.

i) O presidente ou presidenta da federación non poderá ocupar o cargo máis de catro mandatos. Non obstante o anterior, poderá optar a un único mandato adicional no suposto de que a súa sexa a única candidatura á presidencia, cando así o aproben expresamente dous terzos dos membros da asemblea xeral ou cando concorran razóns de interese deportivo, organizativo ou institucional que xustifiquen a continuidade da presidencia, tales como a existencia de plans estratéxicos plurianuais en execución, a dirección de proxectos ou eventos de carácter estratéxico, o exercicio de cargos representativos en organizacións estatais ou internacionais ou calquera outro suposto excepcional. Este mandato adicional deberá ser autorizado, previa e motivadamente, pola administración autonómica con competencias en materia de deporte.

3. As federacións deportivas galegas deberán cumprir as obrigas de publicidade activa previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ou na normativa que a substitúa. Sen prexuízo das obrigas impostas pola normativa en vigor, as federacións deportivas galegas publicarán nas súas respectivas páxinas web:

a) O código de bo goberno regulado neste artigo.

b) As actas da asemblea xeral e, se for o caso, os extractos das actas das reunións da xunta directiva e da comisión delegada, con referencia expresa aos acordos adoptados.

c) Os calendarios deportivos.

4. O incumprimento do código de bo goberno ou das obrigas de transparencia supoñerá un suposto de infracción moi grave dos previstos na letra k) do artigo 116 desta lei.»

Un *bis*. Engádese no artigo 58.5 *in fine*: «Os prazos previstos para a elaboración do censo electoral inicial e do censo provisional serán de cinco días naturais, coa excepción do prazo de exposición pública, que será de dez días naturais.»

Un *ter*. Engádese na letra c) do artigo 93.1 *in fine*: «e o regulamento aprobado pola asemblea xeral federativa, polo procedemento previsto nos artigos 55 e seguintes do Decreto 120/2013».

Un *quater*. Modifícase o artigo 125, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 125. *Réxime de recursos*

As resolucións que, en aplicación da potestade sancionadora, dite o Comité de Xustiza Deportiva poñen fin á vía administrativa, e poderase recorrer contra elas directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de poder facer uso potestativo do recurso administra-



tivo de reposición ante o mesmo Comité e nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Dous. Engádese un novo artigo, o 128 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 128 *bis*. *Acción popular*

1. A Administración da Xunta de Galicia poderá exercer a acción popular nos procedementos penais por violencia no deporte, na forma e nas condicións establecidas pola lexislación procesual.
2. O exercicio da acción popular por parte da Administración da Xunta de Galicia non se levará a cabo se existir negativa expresa por parte da vítima ou, se for o caso, de quen exerza a súa representación legal.»

Tres. Engádese un novo artigo, o 165, coa seguinte redacción:

«Artigo 165. *Prescripción de infraccións e sancións*

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.
2. O prazo de prescripción das infraccións comezará a contar desde o día en que a infracción se cometeu. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr desde que finalizou a conduta infractora. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, dun procedemento administrativo de natureza sancionadora. Reiniciarase o prazo de prescripción se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por unha causa non imputable ao presunto responsable.
3. O prazo de prescripción das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución mediante a que se impón a sanción ou transcorre o prazo para recorrela. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución. Volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por unha causa non imputable á persoa infractora.»

Catro. Engádese un novo artigo, o 166, coa seguinte redacción:

«Artigo 166. *Concurrencia de procedementos penais, administrativos e disciplinarios*

1. A incoación dun proceso penal non será obstáculo para a iniciación, se é o caso, dun procedemento administrativo e disciplinario polos mesmos feitos, mais non se ditará resolución neles ata que recaia unha sentenza ou un auto de sobresemento firmes na causa penal. En todo caso, a declaración de feitos probados contida na resolución que poña termo ao proceso penal vinculará a resolución que se dite nos procedementos administrativo e disciplinario, sen prexuízo da distinta cualificación xurídica que poidan merecer nunha ou noutra vía. Só poderá recaer unha sanción penal, administrativa e disciplinaria sobre os mesmos feitos cando non exista identidade de fundamento xurídico.



2. Cando a unha mesma persoa física ou xurídica e con identidade de feitos lle resulten simultaneamente aplicables sancións administrativas e disciplinarias previstas nesta lei, será de tramitación preferente o procedemento administrativo sancionador. Cometido o feito infractor en que poida producirse concorrencia de responsabilidade administrativa e disciplinaria, o órgano competente para a instrución de cada un dos procedementos estará obrigado a inicialmente e a notificar a incoación do expediente ao órgano recíproco, administrativo ou federativo, segundo o caso.

3. Cando un órgano federativo reciba a notificación de incoación dun expediente administrativo sancionador relativo a suxeitos e feitos idénticos aos que estean dando lugar á tramitación dun expediente disciplinario, suspenderá a tramitación do procedemento e notificarao ao órgano administrativo que tramite o procedemento sancionador. No caso de que non exista identidade de suxeitos, feitos ou fundamentos xurídicos, poderá, non obstante, continuar a tramitación do procedemento disciplinario.

4. Unha vez rematado o expediente administrativo sancionador, o órgano competente para resolvelo notificará o acordo resolutorio ao órgano disciplinario federativo que comunicou a suspensión do procedemento, quen levantará a suspensión e adoptará un dos seguintes acordos:

a) Continuar o procedemento disciplinario cando non exista identidade de fundamentos xurídicos para a imposición da sanción ou, cando habéndoa, a sanción administrativa sexa inferior á que poida corresponder como consecuencia do procedemento disciplinario.

b) Acordar o arquivo das actuacións cando exista identidade de fundamentos xurídicos e a sanción administrativa sexa igual ou superior á que poida impoñerse como consecuencia do procedemento disciplinario.

5. No caso de que o órgano disciplinario decida continuar o procedemento sancionador por existir identidade de fundamentos xurídicos pero a infracción sexa susceptible dunha sanción superior á administrativamente imposta, a resolución do expediente disciplinario reducirá a sanción aplicable na contía ou entidade que corresponda pola aplicación da sanción administrativa previa, facendo constar expresamente a contía da redución na resolución do procedemento.

6. No caso de que recaia unha resolución xudicial que anule total ou parcialmente a sanción administrativa, o órgano que a ditou notificará este feito ao órgano disciplinario federativo que no seu día lle comunicase a incoación do procedemento, co fin de que este proceda a archivar as actuacións, salvo que non exista identidade de fundamentos xurídicos entre a sanción administrativa anulada e a eventual sanción disciplinaria que poida impoñerse, en cuxo caso procederá conforme o disposto na letra a) do apartado 4 deste artigo.»

Disposición adicional primeira. *Código de goberno*

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei as federacións deportivas galegas aprobarán en asemblea o seu código de bo goberno, nos termos establecidos no artigo 55 *bis*. O establecido na letra i) do punto 2 deste artigo non terá en conta os mandatos anteriores ou vixentes no momento de entrada en vigor desta norma.



Disposición adicional primeira *bis*. *Adecuación do texto articulado da Lei 3/2012 á linguaxe non sexista:*

a) Nos artigos 3.g), 4.i), 4.l), 5.1.m), 5.1.p), 5.1.t), 11, 21.1.b), 21.1.c), 24.1, 28.3), 31, 32, 33, 34, 36, 37, 51.1, 56.2.a), 56.2.c), 65, 83.3, 87.4, 87.5.b), 97.2.f), 98.5, 108, 130, 131, 132 e 133, onde di «deportista» debe dicir «persoa deportista».

b) Nos artigos 16.2, 35.1, 38, 51, 83.1.e), 87.4, 87.5.b), 97.2.b), 98.5 e 117.f), onde di «técnico» debe dicir «persoa técnica».

c) Nos artigos 35, 38, 56.2.f), 131.3, 131.4, onde di «adestrador» debe dicir «persoa adestradora».

d) Nos artigos 47 e 87.5.b), onde di «socio» debe dicir «persoa socia».

e) Nos artigos 105.4 e 106.1.a), onde di «xuíz», debe dicir «xuíz e xuíza».

f) Nos artigos 35, 38, 51, 56.2.f), 87, 97, 105.5 e 106.1.a), onde di «árbitro» debe dicir «árbitro e árbitra».

g) Nos artigos 28.5, 44.3, 52.2, 55, 57.2, 58, 62, 92, 93.1.e), 95.2, 109, 110.2, 147.1.d) e 161.2, onde di «membro» debe dicir «persoa membro».

h) Nos artigos 62.2, 87.1, 95.1, 159 e 162, onde di «suxeito», debe dicir «persoa».

i) Nos artigos 147.f), 87, 93.1.e), 98.1.g), 98.1.h), 110.2, 120.j), 131 e 162.1, onde di «directivo» debe dicir «persoa directiva».

j) No artigo 92.1, onde di «licenciado» debe dicir «licenciado ou licenciada».

k) Nos artigos 55.d), 58.2 e 92.3, onde di «integrante» debe dicir «persoa integrante».

l) No artigo 114, onde di «inspector» debe dicir «inspector ou inspectora».

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025

Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión



Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación coa Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39114).

— G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39139).

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISION 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 21 de novembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións

- 34513 (12/PNC-003010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de información verbo do seu apoio económico á Regata Rey Juan Carlos I de Sanxenxo e de transparencia neste tipo de contratos de patrocinio

BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

Sométese a votación separada por puntos:

Punto 1: resulta aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

Punto 2: resulta rexeitado por 8 votos a favor, 9 en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facilitar antes da fin do actual período de sesións o contrato de patrocinio da Xunta de Galicia coa regata *Juan Carlos I* de Sanxenxo do ano 2025.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 32570 (12/PNC-002833)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia



Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a creación dun programa de terapia con animais para vítimas de violencia de xénero que fomenta a adopción e unha nova vida para elas e os animais

BOPG nº 248f1, do 04.09.2025

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que estude a viabilidade de crear, dentro das políticas de fomento da adopción de animais de compañía, un programa de terapia asistida con animais a vítimas de violencia de xénero que poida supoñer o inicio dunha nova vida para o can e a súa dona.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 26227 (12/PNC-002439)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que cree en Ourense, con carácter urxente, un grupo operativo completo da Unidade de Prevención e Reacción da Policía Nacional

BOPG nº 206f1, do 04.06.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para crear, con carácter urxente, un Grupo Operativo completo da Unidade de Prevención e Reacción (UPR) da Policía Nacional na cidade de Ourense, co obxectivo de que poidan realizar de forma eficaz as funcións que lles son propias: prevención da delincuencia, mantemento da orde pública e actuación inmediata ante situacións de risco.»

- 26247 (12/PNC-002443)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que incremente as prazas de secretarios, tesoureiros e interventores para os concellos galegos

BOPG nº 206f1, do 04.06.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reiterar ao Goberno de España a necesidade urxente de aumentar as prazas para cubrir os postos de secretarios, interventores e tesoureiros dos concellos galegos.»

Rexeitamento das iniciativas

- 37364 (12/PNC-003240)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Castro Rey, Paloma

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa controversia protagonizada polo Concello de Ferrol a raíz da placa de homenaxe a Pablo Iglesias Posse e coa obstaculización de actos vinculados á memoria histórica

BOPG nº 276, do 29.10.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 9 votos en contra e 5 abstencións.

- 38291 (12/PNC-003332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia no que atinxe á creación dun corpo galego de policía e ás condicións e recursos cos que conta a Unidade de Policía Adscrita (UPA)

BOPG nº 283f1, do 12.11.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA E COMERCIO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 21 de novembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 38149 (12/PNC-003317)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e dez deputados/as máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para conseguir a coordinación necesaria co Concello de Vigo co fin de mellorar as condicións e a proxección do Camiño de Santiago nese concello

BOPG nº 283f1, do 12.11.2025



Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 9 votos a favor, 2 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Concello de Vigo para:

1. Permitir a sinalización oficial do Camiño de Santiago ao seu paso pola cidade, coordinándose coa Xunta de Galicia para a instalación de indicadores claros e visibles en puntos estratéxicos.

2. Revisar a postura do alcalde sobre o Camiño de Santiago, promovendo unha comprensión máis ampla dos beneficios culturais e económicos que esta ruta achega a Vigo.

3. Fomentar a colaboración entre o Concello, a Xunta de Galicia e as asociacións de hostaleiros e de peregrinos para desenvolver unha estratexia de promoción do Camiño de Santiago en Vigo.»

Rexeitamento da iniciativa

- 8468 (12/PNC-000877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación con distintas cuestións relativas ao complemento autonómico do bono social térmico

BOPG nº 68, do 21.08.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 34857 (12/PNC-003050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e seis deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da posta en marcha da Praza de abastos num.1, de Ourense, e das actuacións para o acondicionamento exterior e outros proxectos vinculados a ela

BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 35371 (12/PNC-003079)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas co obxectivo de estimular a participación nas subvencións para o impulso da dixitalización e modernización do comercio local e artesanal

BOPG nº 265f1, do 08.10.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 2 votos a favor, 9 votos en contra e 5 abstencións.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



COMISION 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 25 de novembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións

- 37119 (12/PNC-003232)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central verbo da regulación da pesca marítima de recreo en augas exteriores

BOPG nº 276, do 29.10.2025

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 14 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España, en particular á Secretaría Xeral de Pesca, para que:

1. Proceda á paralización e modificación do proxecto de real decreto de medidas de xestión dos recursos pesqueiros, en particular no relativo á pesca recreativa en augas exteriores.
2. Faga públicos os informes científicos en que se basean as prohibicións de capturas de determinadas especies recollidas no proxecto de real decreto.
3. Inicie un proceso de diálogo real co sector recreativo galego, para contar cunha normativa nova, equilibrada e consensuada.
4. Recoñeza o carácter de autoconsumo da pesca recreativa, respectando os datos oficiais que acreditan o seu impacto mínimo.
5. Estableza un marco regulatorio baseado en criterios científicos transparentes, aplicando medidas proporcionais e equitativas entre pesca profesional e recreativa.
6. Valore ponderadamente os aspectos ambientais, así como os económicos e sociais, tendo en conta as alegacións achegadas ao proxecto de real decreto, antes da redacción definitiva e da publicación do real decreto citado.
7. Incorpore unha regulación que fomenta o respecto das vedas e tallas mínimas, como principios básicos de sustentabilidade, evitando prohibicións arbitrarias.
8. Desenvolva un sistema de declaración de capturas sinxelo e accesible, sen que isto supoña unha carga administrativa excesiva.
9. Reforce a loita contra o mercado ilegal de peixe, incrementando a presión sobre a hostalaría que adquira produto procedente da pesca recreativa fóra da legalidade.»



Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 33273 (12/PNC-002884)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa recuperación biolóxica e produtiva das rías galegas

BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 15 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

— Dar cumprimento ao acordo unánime tomado na sesión plenaria do Parlamento galego do pasado 19 de novembro de 2024 e, polo tanto, de cara á elaboración dos orzamentos da Consellaría do Mar para o ano 2026 e seguintes.

— Priorizar, ante calquera outro, todos aqueles investimentos dirixidos a blindar a máxima protección ao sector pesqueiro e marisqueiro tradicional e á acuicultura extensiva, nomeadamente os destinados ao mantemento e á creación de emprego de produtores e produtoras.

— Destinar os recursos do FEMPA preferentemente a accións de investigación sobre a perda de produtividade das rías galegas e para facer fronte ás consecuencias do cambio climático, así como á posta en marcha de medidas que melloren e reforcen o actual modelo produtivo de xestión sostenible dos recursos pesqueiros e marisqueiros.

— Elaborar e levar a cabo un catálogo de medidas de identificación e promoción dos produtos orixinarios do sector do mar galego, que poña en valor a produción propia e impida a competencia dos produtos importados e as etiquetaxes enganosas e fraudulentas.»

- 36051 (12/PNC-003135)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe implementar para garantir a continuidade da actividade marisqueira e a mellora das condicións laborais neste sector

BOPG nº 268f2, do 15.10.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 15 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implementar medidas que garantan a continuidade da actividade marisqueira e melloren as condicións laborais e vitais das persoas mariscadoras, entre as que se inclúan as seguintes:



- a) A realización dun diagnóstico actualizado da situación socioeconómica do sector marisqueiro, con especial atención á distribución por idades, xénero, modalidades e zonas máis afectadas pola perda de persoal.
- b) A posta en marcha de axudas económicas para a incorporación de persoas novas ao marisqueo profesional, tanto na modalidade a pé como con embarcación, incluíndo apoio á formación, adquisición de material e redución de taxas administrativas.
- c) Medidas de conciliación e coidados destinadas a mariscadoras e mariscadores, especialmente en zonas rurais e periurbanas, que faciliten a continuidade na actividade.
- d) A integración da perspectiva de xénero nas políticas marisqueiras da Xunta, recoñecendo o papel central das mulleres e promovendo a súa representatividade nos órganos de decisión do sector.
- e) O impulso a campañas de promoción e recoñecemento social do marisqueo como actividade esencial, digna e con futuro, co obxectivo de atraer talento novo e poñer en valor o traballo desenvolvido polas mariscadoras galegas ao longo de xeracións.»

- 37852 (12/PNC-003288)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e oito deputados/as máis

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central e á UE para a defensa dos intereses da frota galega de pesca, singularmente a de cerco e de arrastre litoral
BOPG nº 279f1, do 05.11.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 15 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e á Comisión Europea para que:

1. Defendan con firmeza os intereses da frota galega nas negociacións internacionais de repartición de cotas de xarda, esixindo unha distribución xusta e proporcional.
2. Apliquen o Regulamento europeo que permite restrinxir o acceso ao mercado da UE aos produtos pesqueiros procedentes de países que incumpran os acordos de pesca sustentable (Noruega, Islandia, Illas Feroe).
3. Reclamen á Comisión Europea que sancione as autoasignacións unilaterais de cotas que poñen en risco a sustentabilidade da especie e distorsionan o mercado.
4. Soliciten á Unión Europea un plan específico de apoio ás froas galegas afectadas pola redución de cotas, con medidas de compensación económica e apoio á transformación e comercialización.
5. Reforcen a coordinación institucional entre Xunta, Goberno de España e sector, garantindo unha posición común e unificada na defensa da pesca galega ante Bruxelas.»



- 38241 (12/PNC-003329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante a previsible redución por parte da Comisión Europea dos TAC e das cotas pesqueiras para 2026 e a súa afección á frota galega

BOPG nº 283f1, do 12.11.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 15 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Reclamar do Goberno do Estado que, diante do Consello de Ministros de Pesca da UE do vindeiro mes de decembro,

— Manteña un posicionamento que asegure a viabilidade e a sustentabilidade da actividade e da frota pesqueira galega.

— Reclame o cumprimento do ditado pola sentenza do Tribunal de Xustiza da UE do 11 de xaneiro de 2024, na que se recoñece a importancia de atender as cuestións sociais e económicas e non só as medioambientais á hora da fixación das cotas nas distintas especies.

— Vete calquera redución de cotas que non vaia na liña da sentenza do TXUE mencionada ou que afecten gravemente a frota pesqueira galega, nomeadamente a de baixura.

— Avance nas medidas de cobertura económica da frota que se vexa afectada pola posible redución de cotas.

— Inste a UE a tomar medidas dunha vez por todas para impedir a entrada no mercado europeo de xarda e xurelo procedente dos países do norte de Europa que se autoasignan cotas desas especies.

— Que leve a cabo unha xestión interna das cotas que correspondan en cada caso que impida a distorsión que se dá na actualidade entre as distintas zonas do Estado e que non sexa causa da especulación das posibilidades de pesca e da discriminación que se vén producindo ata o de agora.

2. Que, en previsión de novos recortes pola escaseza de cotas para 2026 que provoquen paros na nosa frota pesqueira, planifique o seu propio plan de axudas económicas para o sector afectado polas posibles decisións do Consello de decembro, como complemento ás que puidera convocar o Goberno do Estado,»

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 2 de decembro de 2025, ás 10.00h)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar a súa sesión o próximo día 2 de decembro de 2025, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 25 de novembro de 2025, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2024

(doc. núm. 38373, 12/IVAL-000002)

Publicación do Informe anual, BOPG nº 284, do 13.11.2025

Punto 2. Texto lexislativo

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (doc. núm. 27520, 12/PPL-000009)

Publicación do Informe da Ponencia, BOPG nº 286f1, do 19.11.2025

Punto 3. Comparecencia

39184 (12/CPP-000075)

Da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, por petición propia, para informar sobre o balance das actuacións en materia de vivenda no que vai de lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f1, do 26.11.2025

Punto 4. Mocións

4.1 39027 (12/MOC-000092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o exercicio da función inspectora da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3345, publicada no BOPG núm. 24f1, do 15 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 18 de novembro de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f1, do 26.11.2025

4.2 39137 (12/MOC-000093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria



Sobre a situación actual en que se atopa a atención primaria da sanidade pública galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 38080, publicada no BOPG núm. 279f1, do 5 de novembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 18 de novembro de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f1, do 26.11.2025

4.3 39146 (12/MOC-000094)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes de agarda sanitarias, especialmente en consultas, cirurxía e probas diagnósticas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 36479, publicada no BOPG núm. 272f2, do 22 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 18 de novembro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f1, do 26.11.2025

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 37437 (12/PNP-002739)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que consigne nos orzamentos de 2026 as partidas necesarias para rematar a construción da vía de alta capacidade Costa Norte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 29.10.2025

5.2 37586 (12/PNP-002752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Hermelo Piñeiro, María Dolores e oito deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da elaboración e avaliación dun estudo técnico respecto das necesidades da comarca do Morrazo en canto aos servizos de atención sanitaria continuada e urxente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 279f1, do 05.11.2025

5.3 37701 (12/PNP-002760)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que avance no desenvolvemento de ferramentas que garantan a neutralidade ideolóxica nas actividades dos centros de ensino

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 276, do 29.10.2025

5.4 38461 (12/PNP-002826)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar para asegurar a continuidade e a calidade asistencial dos servizos de pediatría, obstetricia e urxencias do Hospital Comarcal de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286f2, do 19.11.2025



5.5 38484 (12/PNP-002829)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha avaliación urxente verbo da dotación dos centros educativos públicos galegos de persoal coidador e de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286f2, do 19.11.2025

5.6 38724 (12/PNP-002859)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e seis deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que rexeite o plan industrial de Altri e desenvolva como alternativa plans de investimentos nos sectores económicos estratéxicos das comarcas afectadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286f2, do 19.11.2025

Punto 6. Interpelacións

6.1 34268 (12/INT-001236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre os obxectivos do Goberno galego no que concirne á actualización da normativa en relación coa Administración local e co modelo de financiamento dos concellos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

6.2 34662 (12/INT-001258)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre o rigor da avaliación do impacto medioambiental e socioeconómico na tramitación dos plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos polo Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025

6.3 38717 (12/INT-001422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as valoracións e declaracións que está a facer o Goberno galego verbo das resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286f2, do 19.11.2025

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 39286 (12/POPX-000063)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co enfoque que lles está a dar ás súas políticas de benestar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f2, do 26.11.2025



7.2 39287 (12/POPX-000064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación da vivenda protexida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f2, do 26.11.2025

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 35531 (12/POP-005149)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para garantir a suficiencia de prazas de autobús desde Carballo ata A Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 8.10.2025

8.2 39282 (12/PUP-000173)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a capacidade orzamentaria dos concellos galegos ante o progresivo aumento das súas competencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f2, do 26.11.2025

8.3 35660 (12/POP-005157)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a política de protección do Parque Natural das Fragas do Eume por parte da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

8.4 38768 (12/POP-005517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Chao Rivas, Saleta e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as demandas da comunidade educativa do CEIP Monte dos Postes, de Santiago de Compostela, relativas á dotación deste centro de profesorado especialista e persoal coidador

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287f1, do 20.11.2025

8.5 37777 (12/POP-005379)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre a información facilitada polo Goberno central á Xunta de Galicia verbo do alcance dos fallos detectados en Galicia nas pulseiras antimaltrato de prevención da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 279f2, do 05.11.2025

8.6 38792 (12/POP-005520)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis



Sobre a posibilidade de impulsar un convenio entre o Concello de Foz e o IGVS para construír vivenda de alugueiro social nunha parcela previamente adquirida pola Administración local desa vila

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287f1, do 20.11.2025

8.7 39284 (12/PUP-000174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas da sanidade galega no ámbito da atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f2, do 26.11.2025

8.8 29372 (12/POP-004397)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre o plan que o Goberno galego prevé implantar nesta nova lexislatura para o fomento da remuda xeracional no medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 05.08.2025

8.9 30693 (12/POP-004588)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e oito deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da previsión de fondos europeos pesqueiros na proposta do Marco financeiro plurianual 2028-2034

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
Fgp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, **MANTÉN** para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao **Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galiza [12/PPL-000009 (doc. núm. 27520)]** que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado o día 21/11/2025 ás
12:15
Por Ana Pontón Mondelo



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2025 12:15:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2025 12:16:49
Nº Rexistro: 39114
Data envío: 21/11/2025 12:16:49.933

CSV: BOPGDSPG-azLzeWDag-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/11/2025 12:16:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2025 12:16:49
Nº Rexistro: 39114
Data envío: 21/11/2025 12:16:49.933

CSV: BOPGDSPG-azLzeWDAg-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39139
Data envío: 21/11/2025 14:30:21.788

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa mesa que **mantén** para a súa defensa en Pleno as **emendas** presentadas á **Proposición de lei de modificación da Lei 3//2012; do 2 de abril, do deporte de Galicia (12/PPL-000009 (doc. núm. 27520)** agás as que foron aprobadas ou transacionadas.

Parlamento de Galicia, 21 de novembro de 2025

Asinado o día 21/11/2025 ás
14:29
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

138561

@PSdeG



28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-azLzeWDAG-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 21/11/2025 14:29:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39139
Data envío: 21/11/2025 14:30:21.788

CSV: BOPGDSPG-azLzeWDAg-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39139
Data envío: 21/11/2025 14:30:21.788

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/11/2025 14:30:22

CSV: BOPGDSPG-azLzeWDAg-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

